



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

EQUIPO DE GOBERNO:

Corbacho Valencia, Juan Manuel
Fernández Iglesias, Manuel
Fernández Jáuregui, Manuel
García Vázquez, Xosé Manuel
Graña Rodríguez, Ana María
Longo González, M^a Asunción
Mato de la Iglesia, Salustiano
Pena Uris, Gloria M.
Rodríguez Vázquez, Virxilio

DECANOS/DIRECTORES:

Caparrini Marín, Natalia
Cuiñas Gómez, Íñigo
Fernández Prieto, Marta
Rubio Armesto, Belén
Valero Gutiérrez del Olmo, Enrique

PDI-A:

Álvarez Villamarín, Xosé Carlos
Castro Cerceda M^a Luisa
Llamas Nistal Martín
Pérez Cota Manuel
Pino García, Antonio
Reigosa Roger Manuel Joaquín
Rivo López Elena

PDI-B:

ESTUDANTES:

López Rodríguez, Andrea
Rivera González, Paula
Rodríguez Varela, Diego
Vázquez-Rey Farto, Ernesto

PAS:

Cebro Rodríguez, Xan
Mollinedo Lois, Carlos
Pérez Gómez, Luis

CONSELLO SOCIAL:

Calviño Rodríguez, Xulio

SINDICATOS:

Fernández Fernández, Federico A.

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

González Jorge, Higinio
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier
Vaquero Díaz M^a Beatriz
Gómez Fraiz, Santiago
Pillado González, Esther
Romo Pérez, Vicente
Pou Saracho Juan María
García Señorán, María del Mar
Diez Ferrer, José Bienvenido
García Fontán Soledad

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade outubro, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **24 de novembro de 2016** ás 10:30 h deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 10 de outubro de 2016.
2. Informe do reitor.
3. Informe sobre a sexta Memoria de Responsabilidade social da Universidade de Vigo.
4. Informe anual do Protocolo marco de actuación para a Prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo.
5. Aprobación, se procede, da Normativa da Universidade de Vigo sobre a solicitude e defensa do Grao de Licenciatura.
6. Aprobación, se procede, da participación da UVigo na constitución da Asociación SICELE (*Sistema Internacional de Certificación del Español como Lengua Extranjera*) e adhesión a esta.
7. Aprobación, se procede, da oferta de emprego público do persoal de Administración e Servizos.
8. Aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Belas Artes.
9. Aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno do Dpto. de Xeociencias Mariñas e Ordeación do Territorio.
10. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Ciencia e Tecnoloxía de Chongqing (China) – Acordo entre a *University of Cincinnati* e a Universidade de Vigo para regular a estancia de investigación do investigador visitante Álvaro Puga na Universidade de Vigo.

11. Elección de representantes na Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes: 2 PDI; 2 Estudante.
12. Elección de representantes na Comisión de Investigación: 1 Estudante.
13. Rogos e preguntas.

O reitor dá comezo á sesión, dando lectura aos nomes das persoas que xustifican a súa ausencia da sesión de hoxe e comunicando que están invitados a intervir en algún dos puntos da orde do día: o Comisionado de Plans Estratéxicos, Francisco Xabier Martínez Cobas, para intervir no punto 3 e a directora da Unidade de Igualdade, Anabel González Penín, para intervir no punto 4.

Informa tamén de que solicitaron ser convidados a esta sesión: dona María José Ríos Santomé, como secretaria da Xunta PAS da Universidade de Vigo, solicitou participar no punto 7, e foi invitada. Dona Pilar Conde Casas solicitou intervir no mesmo punto, como persoa afectada polo mesmo punto. Como é habitual, cando un punto da orde do día afecta a un colectivo de persoas, no se acostuma a invitalos de xeito individual, senón que se lles solicita que canalicen os seus lexítimos intereses a través dos seus representantes.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 10 de outubro de 2016.

REITOR

Non se produciron alegacións á acta. Ao non haber ningún comentario por parte dos membros presentes apróbase por asentimento.

Punto 2. Informe do reitor.

Antes de comezar co informe de actividades, o reitor felicita ao profesor Fernando Aguado, que vén de ser nomeado novo membro da Academia Internacional de Astronáutica, institución de referencia mundial do espazo, con máis de 1200 membros de 75 países, dos que só 12 son españois, e ao profesor Ignacio Pérez Juste, que vén de renovar o seu cargo de decano á fronte da Facultade de Química, desexándolle éxito nesta nova etapa.

A continuación informa que tras da toma de posesión do novo goberno da Xunta de Galicia, mantense a mesma interlocución na Consellería e, aínda que se están a configurar os equipos, non se agardan grandes cambios. Nas xuntanzas que mantivo co conselleiro, tratouse unha das cuestións importantes para a política universitaria no vindeiro ano: o proceso de oferta de títulos no SUG. Lembra o reitor que o mapa de títulos está pechado dende 2008, debido aos cambios de normativas que derivaban do proceso de Bolonia promoveuse a modificación dos títulos, tanto os de grao como doutoramento e mestrado, para a súa adaptación. Nesa etapa de normas cambiantes, xunto coa promulgación dos decretos do ministro de educación, no 2011 na XUGA discutiuse un decreto de títulos que trataba da reconfiguración de títulos do SUG; houbo que facer o esforzo de ordenar os estudos de doutoramento; de crear as Escolas Internacionais de Doutoramento; de reordenar e adaptar os mestrados, vinculándoos máis ás facultades para evitar a dispersión existente.

Deste xeito, ese decreto marcou unha liña de reordenación e de eficiencia na oferta de títulos en xeral. Este proceso de reconfiguración, no cal non se permitiron novos títulos, rematou en 2015. De feito, nese ano, establecéronse planes de viabilidade para os títulos de grao que non cumprían o decreto. Comenta que na nosa Universidade fixo de forma anticipada planes de viabilidade para os graos nesas condicións e todos foron aprobados, mentres que outras universidades tiveron que acudir a unha moratoria. En febreiro se emitirán os informes de seguimento e, en base desa información, tomaranse as decisións oportunas en torno a eses títulos que non cumprían o decreto, pero tamén se analizará se hai que ampliar a oferta existente no SUG, contemplando a posibilidade de incrementar ou remodelar a oferta non só de doutoramento e máster, senón tamén de grao. Posto que se tiña isto claro, nunca se quixo suscitar o debate sobre novas titulacións na nosa Universidade, outras universidades que si o fixeron, viron que eran rexeitados. De feito, continúa o reitor, na próxima semana se celebrará un Consello Galego de Universidades, no que se rexeitarán propostas de títulos novos que non respectan as regras de xogo.

Pero, explica o reitor, estas normas mudarán a partir do ano que vén, polo que realizarase a reflexión nos centro e nos campus para valorar as inquiredanzas socias, analizar as novas ofertas e considerar se temos os recursos necesarios, materiais e humanos, para facerlles fronte. Dende o goberno promoveranse as ideas que encaixen coa especialización dos campus, Vigo Tecnolóxico, Campus da Auga e campus CREA, e

que cumpran cos requisitos que se establezan. Subliña o reitor que, na primeira etapa deste proceso, débense considerar os criterios académicos e sociais, xa que somos un servizo público e debemos formular unha oferta que atenda as necesidades da cidadanía, pensando na responsabilidade do futuro dos estudantes formados. É necesario ter en conta a capacidade do mercado de absorber a eses titulados, como se fixo con Aeroespacial que, lembra o reitor, foi unha excepción neste proceso, xa que xurdiu do peche dunha titulación que non cumpría cos requirimentos establecidos e da sentenza xudicial ditada no seu día.

Indica o reitor que informará ao Consello de Goberno e ao Claustro dos pasos que se vaian dando na negociación dos criterios, e se canalizará as demandas ou propostas das facultades, pero sempre con prudencia, xa que o principal é estabilizar as titulacións que xa temos, e completar o mapa dos títulos do sistema universitario galego de xeito que teña sentido para a nosa Universidade.

Continúa expoñendo que na reunión co conselleiro, insistiu no tema do acceso á universidade. Destaca que xa dende a CRUE, sectorial de Estudantes, se fixera un manifesto claro acerca da maneira en que o Ministerio tería que afrontar este problema. Nel as universidades facían fincapé en que, unha vez pseudo-derrogada a LOMCE, as probas de acceso á universidade tiñan que ser o máis parecido ás PAU. Indica que a primeira proposta que chegou do Ministerio a rexeitaron porque se incluían preguntas de todas as materias do bacharelato. Diante desta postura, este aspecto foi corrixido. Instouse dende a CRUE que o ministro que tomara posesión tiña que asumir este tema, e solucionalo con urxencia para dar seguridade aos estudantes. Di que hai acordo en que as probas de acceso teñen que seguir a ser un proceso de ordenamento dos estudantes, non de exclusión, polo que se agarda a Orde ministerial que estableza con claridade todo o proceso. Engade que a nivel de SUG xa está todo preparado, a través da CIUG, para darlle o formato axeitado en función das liñas xerais que se marquen.

Seguindo cos temas relacionados coa CRUE, informa que os días 3 e 4 de novembro tivo lugar a xuntanza da sectorial de Secretarías Xerais da CRUE en Valladolid, que preside o reitor da UVigo neste momento. Informa de que nestas xornadas a Universidade de Vigo asumiu o papel de interlocutor único diante do Ministerio de Xustiza, para a instalación, habilitación, acceso e uso do sistema LEXNET, a través do cal deben producirse todas as comunicacións xurídicas entre o Ministerio de Xustiza e as universidades.

Dá conta das diversas liñas de actuación que se aprobaron, e que conducirán a que esta sectorial se converta no instrumento técnico que dea apoio xurídico ás outras sectoriais da CRUE. Nese sentido, aprobouse a creación dun grupo de traballo de gabinetes xurídicos, cun membro de cada universidade. Tamén se aprobou un plan para realizar un estudo en fondura das consecuencias da aplicación das leis 39 e 40/2015 nas universidades, que analice as consecuencias de deixar de ser Admón. Pública e pasar a formar parte do sector público, e desenvolva un plan de recomendacións xerais. Na mesma liña, realizarase un asesoramento na implementación conxunta da *Lei 19/2013 de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno (LTAIBG)* e a *Ley Orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Personal*.

Destaca especialmente a proposta de Modificación do Réxime disciplinario do estudantado. Explica que o actual aséntase sobre o Decreto de 8 de setembro de 1954. Propúxose a negociación co Ministerio para instar a súa derogación e que se dite unha lei adaptada á realidade actual, e negociada cos representantes das universidades e do estudantado; que debe considerar tanto a convivencia universitaria como a disciplina. Explica o reitor que estamos a agardar a que se configure o equipo do Ministerio de Educación a todos os niveis, e despois pediremos unha entrevista para instar a que se actúe.

Comenta tamén que outra liña de traballo será a dos seguros escolares, xa que se está a ver que é necesario mellorar as coberturas, en especial na realización de prácticas externas, e nas estadias no estranxeiro.

Informa o reitor de que se vai crear un grupo mixto de traballo coa sectorial de xerentes e a Sectorial TIC, para abordar temas da administración electrónica nas universidades.

E, para finalizar cos temas relativos á CRUE, informa de que participou esta semana nunha reunión da Cámara de Comercio de Madrid, nunha comisión Universidade-Empresa, na que se incorporaron o reitor da Universidade de Córdoba e o reitor da UVigo como representantes da CRUE. Nesta comisión se traballará na mellora das relacións universidade e empresa a nivel do Estado. Destaca que esta actuación

enlaza moi ben co grupo de traballo que tamén coordina o reitor, no que se está a desenvolver un plan de impulsar, prestixiar e premiar a transferencia de coñecemento.

Concluída esta parte, máis xenérica do seu informe, o reitor indica que a continuación se centrará nos aspectos máis concretos da Universidade de Vigo. E dá comezo, como xa adiantara na sesión do Consello de Goberno do mes pasado, co informe detallado da situación actual do pago do Imposto de Bens Inmóveis da Universidade, que pasa a presentar o vicerreitor de Economía e Planificación, a quen lle cede a palabra.

O vicerreitor comeza por expoñer graficamente, en base a un mapa, a situación dos distintos campus universitarios de Galicia en relación con este pago de impostos. Na presentación pódese ver que existen dúas liñas de actuación en relación co IBI das universidades: realizar a exención do pago, en base do artigo 80.1 da LOU, ou ben a bonificación, sendo en todos os casos do 95%, a máxima bonificación que permite a lei reguladora da facenda local. Destaca que mesmo os concellos de Oleiros, onde estaba o antigo centro do INEF, ou de San Cibrao das Viñas, onde está o CITI conceden a exención. Como se ve no mapa, a única excepción é o Concello de Vigo. Explica que se leva negociado co Concello dende 2011, pero que de momento non hai resultados tanxibles. Entra a detallar o que acontece nos tres campus da Universidade:

A) O Concello de Pontevedra concedeunos a máxima bonificación, o 95%, e ademais chegouse a un acordo para que o pago que temos que realizar das débedas acumuladas se poida realizar nun plano de pagos amplo a 8 anos. Ademais, continúa o vicerreitor, asinouse un convenio para que as cantidades que hai que aboar en cada un deses pagos reverta novamente na Universidade, fundamentalmente para accións de tipo social e de axuda ao estudantado. Este acordo está funcionando ben, polo que sen ser a situación que consideramos mellor, que sería a exención total do imposto, é unha solución aceptable totalmente.

B) No Concello de Ourense concedéuselle á universidade exención total do IBI consonte co artigo 80.1 da LOU. Non obstante, produciuse unha incidencia destacable, xa que dentro do que é o espazo do Campus, constrúese un parque medioambiental e o xardín das lagoas, co acordo de que revertera no Concello. Como consecuencia procedeuse a desagregar estes terreos da referencia catastral do Campus. Posto que a exención do IBI aprobada polo concello era para a referencia catastral anterior, estase no proceso de modificar a inscrición no catastro, co compromiso do concello de que en canto se regularice, volverá a poñerse en marcha a exención concedida. Aclara o vicerreitor que esta alteración afecta só ao denominado Campus Sur e que na parcela do Campus Norte, séguese a desfrutar da exención.

C) No Concello de Vigo, explica o vicerreitor que, na liña de diálogo constante, dende 2011 houbo innumerables reunións co alcalde, cos concelleiros de Facenda, pero a día de hoxe non temos ningunha exención ou desgravación, pero tampouco se recibiu unha resposta totalmente negativa. Engade que nas últimas reunións se deron un tempo para ver como solucionar o problema. De feito, engade o vicerreitor, confiamos en que a xuntanza prevista para finais de setembro entre o reitor e o alcalde, que tivo que retrasarse por motivos de axenda do alcalde, volva a convocarse e se defina a posición definitiva do Concello. Indica que, se ben non de xeito directo pero si a través dos medios de comunicación, o alcalde manifestou que a cuestión de fondo é que, se a Xunta de Galicia é o financiador da Universidade de Vigo, debería ser esta a que incrementa a financiación para que se abone o IBI, non debe ser o Concello quen exima do pago. Subliña que formalmente estamos á espera de que se produza esa entrevista e que se poida solucionar esta situación. Como xa se recolleu na prensa, o Partido Popular presentou unha emenda aos orzamentos, na que se propuña a bonificación do 95%. Finaliza a súa intervención insistindo en que en Galicia é unha situación única, e a nivel do Estado hai numerosas noticias de moitos concellos que eximen do pago do IBI ás universidades en base a o artigo 80.1 da LOU.

O reitor manifesta o noso agradecemento aos concellos que apostan pola Universidade, e o seu desexo de que reunión co alcalde teña lugar. Aínda que as noticias da prensa fan prever que non haberá un acordo, é preciso que teñamos unha comunicación oficial.

Por outra parte, engade, no primeiro artigo das exencións do Concello figuran os centros educativos, aplicando o argumento anterior, tamén neste caso, sendo a Xunta o financiador, debería ser ela a que abone o IBI. Insiste o reitor que se trata de apostar ou non pola Universidade, e que hai outras opcións

que se poden valorar para solucionar este problema. Por iso, agarda a xuntanza co alcalde. Se nos manifesta que non hai acordo posible, teremos que planificar como xerar máis ingresos para pagar os impostos, sen prexudicar á política social na Universidade. Subliña que a Universidade de Vigo fai un gran esforzo para estar saneada, e non se nos pode prexudicar por estalo, pero estamos a traballar para o peor dos escenarios.

Prosegue o reitor informando acerca do Campus do Mar. Di de que se deu un paso moi importante coa sinatura dun Convenio en Vila Real, que supón un salto definitivo, xa que se constitúe unha comisión internacional para a gobernanza do Campus do Mar. Así, ademais do polo español, que preside a UVigo e que está formado polas universidades galegas, o CSIC e o Instituto Español de Oceanografía, configurouse o polo portugués, presidido polo reitor de Porto, coas universidades do norte de Portugal, e a incorporación de Aveiro e Coimbra, nunhas novas instalacións no porto de Leixões. Deste xeito, pódese avanzar conxuntamente, e remarca a necesidade de solucionar a sede corporativa do Campus do Mar nos terreos da ETEA, na que se está a traballar. Destaca que esta agrupación das universidades e dos organismos de investigación no eido mariño permite que se considere o polo do mar como un elemento estratéxico do RIS3 e que sexa asumido como estratéxico polo Goberno de Galicia e as correspondentes Comisións de Coordinación de Desenvolvemento Rexional (CCDR) do norte e centro de Portugal. Isto permitiría traballar con independencia da política que ao respecto dos Campus de Excelencia defina o novo Goberno de España, o que nos permitirá ir mais lonxe que o 2020.

Dá conta dos convenios asinados coas deputacións de Ourense e Pontevedra. Agradece o apoio institucional de ambas, e destaca a mellora experimentada en Pontevedra, xa que cada vez se toman máis acordos e se asinan convenios que permiten traballar de xeito dinámico. Esta estreita colaboración, que era habitual en Ourense, está comezando a desenvolverse en Pontevedra, favorecendo aos Campus de Vigo e Pontevedra, explica, e debemos felicitarlos por esta sensibilidade mostrada pola Deputación.

Outro aspecto que salienta o reitor é o importante esforzo que se está a facer no campo da excelencia en recursos humanos de investigación. Explica que a Universidade de Vigo presentou neste mes diante da Comisión Europea a solicitude do Selo de Excelencia en Recursos Humanos de Investigación. Este logo reconece ás institucións de investigación que alían as súas políticas cos principios definidos na "Carta Europea do Investigador" e o "Código de conduta" no que respecta á contratación e actividade de investigadores e investigadoras. Estes principios da Carta e o Código contribúen a que o Espazo Europeo de Investigación sexa máis atractivo. A Comisión Europea recomendou a súa implementación no 2005, e dende entón aproximadamente 1200 institucións de 35 países europeos e fóra de Europa manifestaron o seu apoio, sendo máis de 200 as institucións que obtiveron o Selo de Excelencia en Recursos Humanos de Investigación. En España, 98 organizacións manifestaron o seu apoio, 43 institucións as que xa contan co selo, pero só 4 son universidades.

Como reitor agradece a colaboración de todos os que se implicaron neste proceso. O proceso de preparación foi promovido pola Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, a Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado e a Vicerreitoría de Recursos Humanos. A comunidade universitaria, tanto PDI como PAS, participou en enquisas, entrevistas e en grupos de traballo para consensuar a análise de situación e definir o plan de acción. Despois dese traballo e a súa presentación, agardamos conseguilo, grazas ao traballo de todos.

En relación co Plan de internacionalización, o reitor lembra que por Resolución reitoral de 27 de xullo de 2016, a través da Vicerreitoría de Extensión Universitaria e Relacións Internacionais, convocouse unha liña de incentivos, en réxime de concorrencia competitiva, para implantar plans de internacionalización nos centros da Universidade de Vigo a partir do curso 2017/2018. Esta convocatoria se insire na política de internacionalización da nosa Universidade.

Unha vez transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, efectuada a revisión das mesmas, e transcorrido o prazo de emendas, que rematou o pasado 23 de novembro, pasa a dar conta das propostas de plans formuladas polos centros e titulacións e que agora están en proceso de avaliación.

Na primeira das modalidades contempladas, que busca a implantación dun grao ou mestrado na súa totalidade en lingua estranxeira, non se presentou ningunha proposta. Recoñece que era un obxectivo ambicioso, insistírase en posteriores edicións.

Na segunda, que implica a oferta dun mínimo de 30 créditos ECTS garantindo polo menos un cuadrimestre estruturado de docencia nunha lingua estranxeira, entre outras medidas de fomento da internacionalización presentáronse 10 solicitudes: 6 correspondentes ao ámbito tecnolóxico, 2 correspondentes ao ámbito científico e 2 de Ciencias sociais e xurídicas.

A terceira modalidade, está destinada a introducir outros instrumentos de internacionalización distintos da docencia en linguas estranxeiras, como facilitar a mobilidade internacional ou formular unha estratexia para captar estudantado de intercambio, presentáronse 5 solicitudes: 4 do ámbito xurídico social e 1 do ámbito humanístico.

Reitera que estean en proceso de avaliación, que é necesario analizar as posibilidades de atención destas medidas e valorar ata onde se pode chegar en función do orzamento do ano próximo.

A continuación informa da celebración da Feira Internacional de Emprego Universitario “FINDE.U”, que convocou a preto de 5000 estudantes das universidades de Vigo, Porto e Tras-Os-Montes e Alto Douro durante as catro xornadas nas que tivo lugar (dúas en Portugal: EXPONOR-Porto e outras dúas en Vigo, no IFEVI). Estes alumnos visitaron os stands das máis de 120 empresas e institucións (concretamente 65 en Vigo) que asistiron á Finde.U, ao tempo que moitos deles participaron en obradoiros e en entrevistas con consultoras. Indica o reitor que a asistencia á feira superou con creces as nosas expectativas para a primeira edición. Todas as empresas levaban ofertas de emprego para persoas con titulación universitaria e ofertas de prácticas, becas ou traballos ocasionais para estudantes universitarios. E finalizadas as xornadas amosaron a súa satisfacción coa iniciativa, co seu desenvolvemento e co resultado, xa que puideron contactar con estudantes con perfís moi interesantes, con moitas ganas, boa formación e subliñaron, un bo nivel de inglés. Continúa expoñendo que, de maneira paralela celebrouse o Talent at Work, unhas xornadas que teñen como finalidade mellorar a empregabilidade e potenciar o talento e o desenvolvemento de capacidades profesionais dos estudantes. Subliña o reitor a importancia que ten este tipo de actividades, porque a nosa responsabilidade social nos leva a buscar ferramentas para que os nosos egresados teñan máis posibilidades de mergullarse no mundo do traballo.

Na parte final do seu informe, o reitor dá conta de que a Fundación Compromiso e Transparencia emitiu a quinta edición do *Informe de Transparencia y buen gobierno de las universidades - Examen de Transparencia 2015*. Explica que estes informes analizan o proceso de rendición de contas das universidades españolas a través da WEB, e destaca que se trata dunha na metodoloxía voluntaria, polo que retrata a vontade real das universidades de realizar ese rendemento de contas e desenvolver prácticas de transparencia. Subliña que, neste eido, as universidades públicas son as que destacan, cun cumprimento medio do 78% nos 26 indicadores analizados. As privadas van por detrás, cunha media do 53% de cumprimento.

Destaca o reitor que a Universidade de Vigo, unha vez máis, está situada entre as universidades máis transparentes, continuando na súa liña de mellora. Lembra que en 2012 estaba situada entre as universidades “opacas”, cunha puntuación de 12 puntos sobre 26, e grazas ao esforzo realizado, ao ano seguinte estaba situada entre as universidades transparentes con 23/26 puntos. No 2014 pasamos a ter 24/26 e neste derradeiro informe nos situamos en 25/26, no grupo de universidades que ocupan o segundo posto no ranking de universidades máis transparentes. Subliña o reitor que o único punto que falta é a publicación dos CV do PDI, polo que agardamos que para o ano que vén poida estar realizado e que, novamente, a información económica é a máis salientable, segundo o informe.

Punto 3. Informe sobre a sexta Memoria de Responsabilidade social da Universidade de Vigo.

Cede a palabra ao comisionado de Plans Estratéxicos, para que realice a presentación. O Sr. Martínez Cobas comenta que a modificación do modelo da Memoria que obra no poder dos membros do Consello

de Goberno e dos puntos incluídos con relación aos anos anteriores é debida a que estamos adheridos ao Pacto Social Mundial, polo que as memoria se axustan ao modelo estándar establecido (**Anexo I**).

Así, hai unha presentación máis pensada nas persoas que non forman parte da comunidade universitaria, pero para os que estamos dentro da Universidade, preséntase unha visión global en datos do que é o conxunto da Universidade e logo xa se afonda máis tanto no que facemos cara á sociedade como no que se realiza para a propia comunidade. Tamén se realiza un desenvolvemento do que é a sustentabilidade na xestión económica e, finalmente, da sustentabilidade ambiental. Destaca como aspecto importante deste ano que está elaborada integramente polo persoal da Universidade, o que garante os compromisos e a continuidade desta serie, que leva xa seis anos. Comenta tamén que a memoria hai que vela dentro dun conxunto de actividades, entre as que están o Portal de Transparencia. Con relación a este último, subliña que, ademais do feito de que esteamos no segundo posto das clasificación, estamos bastante adiantados con respecto ao que está demandando a propia lexislación do Estado e das CCAA, polo que, particularmente en materia económica, no caso de que se endureceran os requisitos, seguiríamos a cumprir ao cen por cen, xa que estamos nos límites do establecido na Lei de protección de datos.

Indica o comisionado que en canto á responsabilidade social, ademais das memorias que se someten a aprobación anualmente no Consello de Goberno, estase a emitir un boletín mensual, que recolle de xeito máis grato o resumo das actividades ligadas á responsabilidade social universitaria que se están a realizar na comunidade. Destaca o traballo realizado pola Unidade de Análise e Programas e o Gabinete de Prensa. E, engade o comisionado, pode sorprender a cantidade de actividades que realizan os distintos colectivos en tempos tan adversos.

Continúa explicando que ao existir xa series históricas, estanse elaborando vídeos que poñen de manifesto como se está evolucionando en determinados aspectos, por exemplo, consumos enerxéticos, persoal etc., que estarán pendurados tamén do portal de transparencia, e permitirán comparar os aspectos favorables e os que non o son. Finaliza indicando que coa memoria que se presenta hoxe, ese conxunto comeza a ter un sentido máis global e permanente.

Non hai intervencións.

Punto 4. Informe anual do Protocolo Marco de actuación para a Prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo.

Cede o reitor a palabra á directora da Unidade de Igualdade, quen foi invitada a esta sesión do Consello de Goberno para realizar esta presentación.

Dona Anabel González Penín comeza explicando que o informe que se presenta (**Anexo II**) responde ao recollido no artigo 12 do Protocolo marco de actuación para a prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo da Universidade de Vigo, que establece entre as funcións da Comisión de Acoso Sexual (CAS) a de «Elaborar un informe anual sobre a aplicación do presente protocolo para a súa presentación ante o Consello de Goberno». Especifica que este informe corresponde ao ano 2015, primeiro de aplicación do Protocolo.

Pasa a dar conta a continuación das accións concretas que se desenvolveron:

- Tras a súa publicación no DOG, o Protocolo foi incorporado nos pregos de cláusulas administrativas particulares e nos pregos de bases que regulan a adxudicación dos diversos contratos nas condicións especiais de execución de cada contrato.
- Incluíuse no anexo II (Réxime de penalidades) como falta moi grave o incumprimento das obrigas establecidas no Protocolo.
- A información sobre a existencia do Protocolo e do seu contido incorporouse no apartado de «Axuda» da secretaría virtual da Universidade de Vigo e, como ligazón de interese, para o alumnado na última pantalla do proceso de matriculación.

- Convocouse unha acción formativa denominada «Formación en prevención e sanción do acoso sexual e por razón de sexo», dirixida a todas as persoas que ocupan as direccións de centros e departamentos e aos enlaces de igualdade de cada centro. Os obxectivos desta formación se concretan na adquisición de coñecementos relativos a este tema; capacitación para identificar situacións de acoso sexual e por razón de sexo; coñecer a lexislación vixente; acadar competencias para arbitrar as medidas de intervención necesarias; e promocionar na Universidade a igualdade de xénero para previr o acoso sexual e por razón de sexo.

Explica a directora da Unidade de Igualdade as datas de celebración e as persoas que impartiron dita acción formativa, destacando o número de persoas que asistiron á mesma nos distintos campus.

Finalmente, informa da aplicación do Protocolo durante o 2015, indicando que se recibiron na sede da Unidade de Igualdade dúas consultas verbais sobre a posible aplicación do mesmo. No primeiro caso, aconsellouse a presentación dunha denuncia perante a Comisión de Intermediación e Resolución de Conflitos da Universidade de Vigo (CIRC), pois a situación descrita non encaixaba dentro do ámbito obxectivo do Protocolo. E no segundo caso, informouse á persoa que podería ser de aplicación o Protocolo e que para iniciar o procedemento debería presentar unha denuncia formalmente. Pero non se chegou a presentar a denuncia. Feitas as pescudas pertinentes, a directora indica que non foi necesario tomar ningunha medida por propia iniciativa da Universidade de Vigo.

Non hai intervencións ao respecto do informe.

Punto 5. Aprobación, se procede, da Normativa da Universidade de Vigo sobre a solicitude e defensa do Grao de Licenciatura.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Ordenación Académica e Profesorado, quen explica que se trata dunha normativa que pretende regular a finalización da obtención do grao de licenciatura para o estudantado das licenciaturas que xa están extinguidas ou en proceso de extinción. Lembra que, unha vez extinguidos os títulos, mantense durante tres cursos académicos o dereito a exame e polo tanto a posibilidade de obtención do título. Posteriormente, a titulación se extingue definitivamente.

Refire que todas as antigas licenciaturas están extintas na Universidade de Vigo, coa excepción da Licenciatura en Física, que se extinguirá ao remate do presente curso académico. Por esta razón, e a petición dos centros, cómpre establecer un prazo máximo para que se poida obter o grao de licenciado, ben na modalidade de exame ou de tesina de licenciatura.

A proposta que se trae a este Consello de Goberno é que a data límite para a solicitude do Grao de Licenciatura (Modalidade: Exame de Grao ou Tese de Licenciatura) sexa o 31 de maio de 2017, aproximadamente dentro de seis meses, para as licenciaturas que xa están extinguidas e o 28 de febreiro de 2018 para a Licenciatura en Física, tamén seis meses despois da súa extinción. Adicionalmente, se establece un prazo, ata o 28 de decembro de 2018, ou de 31 de xullo de 2019, para a defensa do Grao de Licenciatura en ambas modalidades, tesina de licenciatura ou exame.

Polo tanto, conclúe a vicerreitora, a partir desas datas, ningún licenciado podería obter o seu Grao de Licenciatura na Universidade de Vigo.

Non hai intervencións, polo que se aproba por asentimento a Normativa sobre a solicitude e defensa do Grao de Licenciatura (**Anexo III**).

Punto 6. Aprobación, se procede, da participación da UVigo na constitución da Asociación SICELE (*Sistema Internacional de Certificación del Español como Lengua Extranjera*) e adhesión a esta.

Cede o reitor a palabra á vicerreitora de Estudantes, que procede a presentar este punto.

Explica a vicerreitora que o denominado SICELE (*Sistema Internacional de Certificación do Español como Lingua Estranxeira*) é una iniciativa multilateral dunha rede de organizacións de ensino superior de países de fala hispana e o Instituto Cervantes, que ten como obxectivos:

- Incrementar a importancia da lingua española no mundo, fomentando o interese na súa aprendizaxe e satisfacendo a necesidade de que coñecemento adquirido sexa avaliado e certificado a través de servizos lingüísticos de calidade acreditada.
- Establecer mecanismos de cooperación e coordinación que harmonicen internacionalmente os criterios para a certificación do coñecemento do español como lingua estranxeira.
- Desenvolver procedementos e ferramentas de verificación da calidade dos sistemas de avaliación.
- Garantir o recoñecemento transnacional das certificacións de competencia lingüística que porten o selo SICELE.
- Desenvolver programas de cooperación en materia de formación do profesorado de ELE.
- Implantar sistemas de colaboración, especialmente para desenvolver proxectos de investigación, para a transferencia de coñecementos e tecnoloxías aplicadas e para a difusión da actividade propia de SICELE.

Continúa informando que SICELE constituíuse en 2007 con máis dun centenar de universidades de países hispano falantes. No 2010 subscribiuse un convenio marco multilateral, e ao abeiro deste convenio celebráronse varios congresos e se traballou en doutrina sobre calidade de avaliación.

Pero para poder desenvolver todas as actividades derivadas da posta en marcha dos obxectivos que acabo de mencionar, aclara a vicerreitora, é preciso modificar a estrutura xurídica de SICELE, que pasaría a ter personalidade xurídica propia. Engade que os seus estatutos xa foron elaborados e se presentaron coa documentación adxunta á convocatoria deste Consello de Goberno.

Polo tanto, resume, o que sometemos a aprobación do Consello de Goberno é a participación da UVigo na constitución da Asociación SICELE e a adhesión á mesma, asumindo ditos estatutos.

Expón o reitor que está suficientemente motivado o interese da UVigo de participar nesta asociación, polo que o somete a aprobación.

Apróbase por asentimento.

Punto 7. Aprobación, se procede, da oferta de emprego público do persoal de Administración e Servizos.

O reitor cede a palabra ao xerente da Universidade, quen indica que na documentación achegada aos membros do Consello de Goberno, figura a proposta da oferta de emprego público e de promoción do PAS da UVigo. Comeza a presentación da proposta empregando unha proxección informática, e estruturándoa en dúas partes. Na primeira considérase o marco normativo que a regula e, na outra, se recolle a oferta concreta das prazas de oferta pública por taxa de reposición, así como as de promoción interna.

O xerente esquematiza o marco normativo que permite que este ano se poida realizar unha oferta de emprego público, despois de anos sen poder realizala. Lembra que os orzamentos do Estado para o ano 2016 permitiron a posibilidade acadar unha taxa de reposición do 100%. Di tamén, que no propio documento orzamentario se recolle que será de aplicación ás universidades, e que esa taxa afecta tanto ao PDI como ao PAS. O límite que se nos marca é a obtención da autorización da administración territorial correspondente, neste caso a Xunta de Galicia, e o mantemento do equilibrio orzamentario, xa que todas as liñas de acción e as actividades están sempre englobadas nun proceso de estabilidade financeira ou de control económico do gasto público. Na mesma norma, no seu apartado IV, establécese como se debe calcular a taxa de reposición de efectivos.

Nos orzamentos xerais da comunidade autónoma, se recollen estes aspectos. Aclara que no documento hai un apartado específico que se refire ás universidades, no que se establecen os límites da masa salarial de cada unha das universidades do SUG, concretamente no seu artigo 34. De igual xeito, no artigo 36 se regulamenta a oferta de emprego público como sistema de provisión das necesidades de persoal do SUG, especificando a taxa do cen por cen e que as correspondentes convocatorias haberán de ser autorizadas

pola Consellería de Facenda, previa acreditación de que a oferta de emprego público das mencionadas prazas non afecta ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria establecidos para a correspondente universidade, nin dos demais límites fixados na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O xerente pasa a continuación a resumir como se levou a cabo o proceso de negociación da oferta. Indica que ao longo de tres reunións, nas que foron convocados os órganos de representación. A primeira tivo lugar o 19 de outubro, e foron convocados conxuntamente os comités de empresa e a Xunta PAS, achegándose-lles un documento cunha proposta inicial. Toda a documentación desta xuntanza, actas e anexos (nos que está a oferta inicial), está asinada e pendurada da páxina web para a súa consulta. A segunda reunión celebrouse o día 2 de novembro. Nesa xuntanza a Xunta PAS presentou a súa proposta, nese día non se recibiron propostas dos comités de empresa, recibíndose a correspondente ao Comité de Empresa de Pontevedra dous días despois, o día catro. A última reunión tivo lugar o día 18, en todas estas xuntanzas se trasladou que un dos requisitos é que as ofertas de emprego público teñen que estar publicadas antes da finalización do exercicio.

Informa de que nese proceso non se chegou a un acordo en todos os puntos que sería desexable, pero si se acordaron as prazas nas que se vai a aplicar a taxa de reposición, que son seis prazas correspondentes a dous técnicos superiores TIC, dous técnicos superiores de emprego, técnico superior en teledocencia e un letrado. Ademais de estas prazas, realízase unha proposta de promoción interna que se concreta no caso do PAS-L en 1 praza de TS en TIC e 4 prazas de técnico especialista de servizos xerais. No caso do PAS funcionario, lembra que, consonte se acordara ao aprobar a RPT da PAS-F, se ofertaba unha promoción interna neste colectivo de C1a A2 a razón de 8 prazas por exercicio, e 42 prazas de C2 a C1 ao longo dun ciclo de tres exercicios, con 14 prazas cada exercicio.

Produto das xuntanzas e conversas cos representantes, presentouse finalmente a solicitude de autorización para 21 prazas, como se recolle na documentación que se achega, e aínda que a autorización recibida fai referencia a 20 prazas, supoñemos que é un erro da Consellería. Lembra o xerente que no seu momento, xa se solicitara a autorización da Xunta de Galicia para a convocatoria do cen por cen das prazas, pero foi denegada e, como consecuencia, non puido promocionar ninguén. Considera o xerente que este ano non se pode perder esta oportunidade; e se solicitou a autorización para o número que nos indicaron que podían conceder nesta anualidade. Ao seu parecer, non se pode perder esta posibilidade, equivalería a caer nos mesmos erros previos. E, subliña que un dos compromisos que se adquiriron cos representantes da Xunta PAS é que se non mudan as circunstancias, no exercicio 2017 se solicitaría a autorización das prazas restantes para a promoción de C2 a C1. Finaliza reiterando, como xa expresou ao longo da súa presentación, que dependemos de que o marco normativo establecido no exercicio 2016, se manteña no 2017.

Finalizada a exposición do xerente da Universidade, o reitor aclara que cando se recibe unha petición concreta de promoción de C2 a C1, por parte da Xunta PAS, se considera e se realizan as consultas oportunas a Facenda para ter a garantía de se é factible realizala como se propón. Explica que a cautela que establece a Xerencia, en canto a dependencia do marco normativo, se refire a o caso da imposición de normativas de limitacións drásticas por parte do Ministerio, o que non se prevé en absoluto. Polo tanto, afirma o reitor, consideramos que podemos garantir o cumprimento dese compromiso.

A continuación, cede a palabra a dona M^a José Ríos, xa que, lembra que foi invitada a participar con voz pero sen voto, como secretaria da Xunta PAS.

Dona M^a José Ríos comeza explicando que, a pesar de ser invitada polo seu cargo de secretaria, vai actuar como voceira dunha compañeira a quen non se autorizou a participar nesta sesión, a pesar de estar afectada pola oferta de emprego público. Indica que tanto a súa intervención como a de dona Pilar Conde Casas, serán achegadas para que sexan incorporadas á acta.

Na súa intervención remarca que do máis importante do que se vai falar é da promoción interna dos auxiliares administrativos (C2), que en realidade, realizan funcións administrativas, do grupo C1, dende hai máis de catro anos. Considera que a Universidade lles nega o dereito á promoción que tiveron os

anteriores e por un motivo exclusivamente económico o único. A continuación pasa a dar lectura ao texto dona Pilar Conde (**Anexo IV**).

Finalizada esta intervención, ábrese unha rolda de participación, na que solicitan a palabra os Srs. Xan Cebro, Federico Fernández e Luis Pérez.

Comeza a súa intervención o Sr. Cebro dicindo que nos seis anos de este equipo de goberno, non se acadou ningún acordo cos órganos de representación, nin na negociación da RPT, nin en nada. Só aí un comité de empresa. Insiste en que isto nunca acontecera nesta universidade, que todo foi imposto. Engade que está de acordo co reitor en que é kafkiano en que a aquelas universidades que cumpren, e están saneadas, non lle autoriza a promoción, xa que os datos da UdC falan de 54 prazas de promoción máis 5 a A1, e na USC todas promocionan, máis unha A2 a A1.

Lembra que cando o actual reitor era vicerreitor de Investigación, actuara como interlocutor entre Xerencia e Xunta PAS e, a través de esa mediación, se chegaban a acordos. Di que co goberno do reitor Alberto Gago, tamén se chegaron a acordos e que daquela se sacaran 94 prazas de C2 a C1. Lémbrale ao reitor algunha intervención concreta na negociación da oferta de emprego público a como se podían sacar prazas do grupo D e, que naquel momento, lle dera a razón en contra dos seus compañeiros.

A continuación entra a comentar a promoción, e se refire a que mentres o xerente considera a taxa de reposición, a lei do Empregado Público de Galicia di claramente que as prazas de promoción deben excluírse do cómputo de prazas. Tamén se refire a acta de xullo de 2015 na que a Xunta PAS solicitou a promoción interna de C2 a C1. Di que cando se enviara á Xunta de Galicia a proposta co cen por cen das prazas e esta a rexeitada, a Xunta PAS solicitara que se priorizaran as de C2 a C1. E o xerente dixo que se enviara así á Xunta e que a resposta fora a mesma. Di que el solicitoulle ese ditame da Xunta, pero o xerente non o amosou. Volve a solicitar que o faga público.

Insiste en comparar as situacións aprobadas para a Universidade da Coruña e de Santiago que, con moita peor situación se lles admiten prazas e á nosa universidade por 20.000 euros vaiamos a ter problemas. Subliña que existe unha contradición nos números aportados, e que a promoción de C2 a C1 non supón gasto porque todas están presupostadas como C1. Sinala tamén outra contradición existente na súa opinión, di que se propón unha promoción de C2 a A1, que supón un custo que cubriría a promoción de C2 a C1. Pídelle ao xerente que priorice as prazas de C2 a C1 e deixe estas para o ano que vén.

Continúa comentando cousas curiosas que se din na mesa. Cando foi a mesa de funcionarización un compañeiro de UGT propuxo que se aforra o custo da funcionarización para lograr melloras na promoción. A resposta foi que as melloras da funcionarización non se teñen en conta para a masa salarial. Pero despois dixo que se houbera funcionarización podería mellorar todo o mundo. Engade que se trata dunha nova contradición e pide que se aclare.

Insiste o Sr. Cebro en que a diferenza de 20.000 ou 30.000 euros, que suporía a promoción de C2 a C1, non pode ser unha escusa, na súa opinión é un insulto aos compañeiros, xa que é un agravio comparativo co resto do persoal que promocionou todo automaticamente. Compara novamente co caso das outras universidades do SUG, e reitera que non cree que por este importe non se permita a promoción.

Finaliza indicando que co documento que se presenta non garante que se vaia realizar a promoción o ano próximo. Di que no caso de que se garantira claramente, o aceptaría. Se o documento o puxera, pedirían voto a favor. Nesta situación o seu voto é en contra.

Intervén o Sr. Federico Fernández para manifestar o seu acordo con Xan Cebro, e a súa discrepancia con parte do que dixo o xerente. Afirmar que houbo 3 reunións, pero non se negociou. Considera que o principal axioma é que nos reunamos, pero non temos que chegar a acordos. A continuación dá lectura a un texto que achegará para que sexa incluído na acta (**Anexo V**). Fai referencia a que o ditame da Xunta en relación coa oferta de emprego chegou antes da última xuntanza de negociación, o que manifesta que non hai talante negociador. Tamén indica que a promoción en dúas fases supón unha vulneración do dereito de igualdade. Pregunta por que a Xerencia fai unha proposta tan pouco ambiciosa, e se pregunta finalmente como se vai resolver a diferenza entre o solicitado e o autorizado.

Ao comezo da súa intervención o Sr. Luis Pérez solicita autorización para falar dende o lateral, como un simbolismo; primeiro para tentar de eliminar a confrontación e, en segundo lugar, porque os que están sentados están en desvantaxe, xa que ten que falar de costas aos compañeiros e opina que así se soluciona.

Realiza unha reflexión acerca da súa percepción: a desolación que sentiu en xullo, e que quedou estupefacto en outubro, diante da actuación da Universidade anulando os seus propios actos e revogaba as RPT para aprobalas no punto seguinte. Pero ninguén pregunta nunca nada, non se piden aclaracións. Recoñece o seu sentido institucional, que lle leva a continuar, considerando que a institución está por riba das persoas. Declara que vai intentar eliminar a confrontación, pero que é a derradeira vez que intenta atopar unha vía de solución.

Cita que en setembro, na primeira xuntanza de negociación de execución da RPT, expresou, e consta en acta, que considera que a RPT e a execución da oferta de emprego público é un todo. E nesa acta se citou ao Sr. reitor en Consello de Goberno, dicindo que era unha mágoa que non se negociara a execución antes que a RPT. Di que o problema é que non se intentou. Pero que é certo, porque a RPT son números e a execución son persoas. Negóciase a RPT a cegas, porque non sabe a que persoas afecta. E por iso dixo nesa xuntanza que non ía negociar a execución da RPT, e o mesmo dixo o Comité de Empresa de Pontevedra. En outubro se nos volveu convocar a outra xuntanza, a que el non asistiu, porque non quería repetir a súa postura. Na acta desa xuntanza se recolle que o Comité de Pontevedra manifesta que non vai negociar. Sendo así, non se entende que nos volvan convocar en novembro para negociar a execución da RPT. Está claro que hai un problema de comunicación, pero non só por parte da Xerencia, porque o comité manifesta que vai enviar un documento de contraproposta.

Indica que vai empregar un termo moi duro, o de impostura, pero é o que sinte, cando en todo o proceso se baseou na presentación de propostas en papel, pero sen negociación.

A RPT está aprobada, poderá recorrerse ou non, pero o reitor dixo que se podía traballar sobre as consecuencias da RPT, sobre como afecta aos traballadores. Esa é a análise que hai que facer, pero non dende o caos, senón un grupo reducido de persoas buscando unha solución. Non acepta que unha persoa fixa se lle dea unha adscrición definitiva cunhas condicións de traballo diferentes ás que tiña. Considera que iso non é ánimo construtivo.

Continúa solicitando, ao igual que Federico Fernández, que se aclare o problema das datas, en relación coa aceptación da Xunta, previa a última reunión.

Considera que tería sido pedagóxico que se discutira no mesmo Consello de Goberno en dous puntos seguidos as oferta de emprego público do PDI e PAS, porque explicaría unha soa vez a taxa de reposición, que implica que non se recuperan todas as prazas perdidas dende que hai este límite, senón que só se recupera o 2015. Pregunta se as cátedras son de concorrencia pública, responde que si. Polo tanto, se as gañan os de fora teríamos consolidación de prazas no PDI, a pesar de que na súa opinión foron ofertadas como de promoción interna, ao igual que na Universidade de Salamanca. É un detalle relevante que permite consolidar prazas no PDI, cando no PAS non existe ese mecanismo. Na súa opinión, se utiliza o concepto de promoción interna para cumprir a lei, pero hai concorrencia pública que elimina a promoción interna.

No caso do PAS, continúa, a lei de orzamentos marca totalmente o que é taxa de reposición, e exclúe a promoción interna abrindo unha posibilidade de negociación, condicionada á aprobación da Xunta, condicionada aos nosos orzamentos. Acaban de aprobar unha RPT onde están unhas prazas que podemos decidir se queremos levar a promoción interna, están dotadas, ocupadas e constan como nosas. Podería a Xunta dicir que non, cando non hai incremento de gasto, pregunta. Considera que nese caso trataríase dunha dobre moral. Continúa dicindo que se podería discutir o número de prazas para promoción interna, sendo razoables, pero non se fixo. A oferta de emprego público que se fai para laborais son 5 de 6 prazas. Pregunta a causa, porque se xubilan 6 funcionarios e se sacan 5 prazas de laborais. Pregunta que se pode ofertar de promoción interna aos funcionarios se non é cambio de grupo? Prosegue preguntando como se elixen esas cinco prazas? Responde que se houbera acordo na RPT se elixirían sobre a RPT aprobada, pero como non é así, se discute sobre unha RPT anterior, pero esas prazas cambiaron de denominación, polo tanto, non se pode. As prazas que aparecen na OPE son as que decidiu Xerencia, e un dos

argumentos empregados era que viñan de sentenzas. Pregunta se estanse deixando de sacar á oferta de emprego público prazas que están ocupadas dende hai anos, de compañeiros que cumpriron todos os requisitos de legalidade e se están sacando outras que veñen de sentenzas para rematar rápido. Isto non se chegou a discutir, se discutía da promoción interna, cando se podían sumar. Reitera que non entende o proceso.

Para finalizar solicita a retirada do punto da orde do día, porque considera que chegamos a tempo no próximo Consello de Goberno de decembro para que entre a OPE 2016. E pide a constitución dunha mesa de negociación Xerencia-laborais, coa presenza do reitor, para desbloquear esta situación.

Cede o reitor a palabra ao xerente para dar resposta as intervencións e, de estimalo oportuno, tamén ao vicerreitor de Economía e Planificación. O xerente explica que cando se fala de oferta de emprego público non se está a falar de promoción interna, senón de prazas que computan na taxa de reposición, entendendo esta como reposición das baixas producidas no cadro de persoal no exercicio inmediatamente anterior.

Di que a proposta da Sra. Ríos é ir con todas as prazas de promoción de C1 a C2 e que sexa a Xunta quen as denegue, non e unha novidade, e que cando se fixo no ano 2014, atendendo tamén á demanda da Xunta PAS, a proposta non foi autorizada. E, engade, que o comentado pode contrastarse na propia páxina web da Xunta PAS, xa que toda a documentación estivo pendurada nela. Entende que non se pode caer novamente nos mesmo erros e perder unha oportunidade como a que se nos brinda neste intre, que se ten que proceder con responsabilidade en beneficio dos compañeiros. Informa que o argumento da Xunta para desbotalo é que todas estas ofertas teñen que estar no marco da sostibilidade financeira, como se ten explicado. A resposta da Dirección Xeral de Planificación Orzamentaria foi clara, se incrementan o gasto nesta partida, teñen que especificar como se financia ou, dito doutro xeito, como se minora o gasto noutra partida do capítulo I.

Reitera que é necesario un exercicio de responsabilidade: se presentando a totalidade das prazas nos dixeron que non, vaíamos con algo que podan aceptar, porque é mellor promocionar en ciclos que non facelo. Insiste tamén que quen realizou a proposta de promoción volveu a ser o Equipo de Goberno, non se recibiu ata este momento un documento da Xunta PAS que solicite a promoción.

A nova proposta que se trae aquí foi elaborada no proceso de negociación da RPT e vai incluída na memoria xustificativa da RPT.

Subliña que non se pode pretender facer o mesmo que se facía antes; no ano 2009 producíronse cambios normativos brutais que produciron cambios drásticos neste país, e intentou explicarse nas mesas. As normas non son un invento da Universidade de Vigo, nin as fixemos nós, destaca. Pero temos que cumprilas. E as situacións mudaron no PAS e no PDI, xa non hai automatismos na promoción, como non saen as prazas de todas as persoas que se acreditan. Gustaríanos que fora doutro xeito, pero non o é, polo tanto, é necesario que apliquemos as regras que temos. E, reitera, é irresponsable pedir o cen por cen, cando se sabe que se vai dicir que non.

En relación ao que fan outras universidades, lembra o xerente o que xa comentou tanto cos representantes dos traballadores como nunha anterior sesión do Consello de Goberno. Incidindo neses datos, amosa a súa orixe, concretamente o portal web da USC, apréciase que os datos empregados pola prensa están contidos no apartado de persoal e, concretamente, no de PAS. Obsérvase que o PAS da USC do 2009 ao 2015 pasa de 1292 efectivos a 1128. Este sistema permite reducir significativamente os gastos, porque non se reponen todas prazas das persoas que se xubilan, di o xerente. E engade, que outra vía de aforro é a minoración no custo dos trienios e demais complementos persoais. De feito, a USC, con este proceder, minora de xeito moi substancial os seus custos de persoal, significativamente do PAS. Salienta que no noso caso, pola contra, si se repuxeron todas as prazas das persoas que se xubilaron, se mantivo e se consolidou o emprego público.

Pasa o xerente a continuación a amosar os datos correspondentes á UdC, accedendo ao seu portal de transparencia, observándose que o número de PAS pasou do ano 2009 de 768 a 765 na actualidade, con períodos de minoración de postos de traballo no período intermedio. Pero, ademais diso, apréciase un

aumento da proporción de persoal funcionario. Existe un paralelismo entre a implantación dos procesos de funcionarización e a recuperación do emprego público.

Conclúe o xerente que ambas universidades, polos medios ao seu alcance, empregan procedementos para axustar os custos de persoal e axustarse ao seu plan de reequilibrio económico-financeiro. Dito doutro xeito, calquera incremento de custo de gastos de persoal nesas universidades, consonte as normas de estabilidade orzamentaria, é financiado pola minoración do custo noutras partidas de gastos de persoal.

Reitera o xerente que, mentres as outras perdían persoal, na UVigo incrementamos o cadro de persoal nese período, e nas RPT aprobadas volvemos incrementar postos de traballo fixos no cadro de persoal. Destaca que esta actuación é unha política de recursos humanos totalmente diferenciada. Nestes detalles, e tamén no feito de que pagamos en prazo aos provedores, é onde se demostra a nosa estabilidade económica. Por iso, nós non saímos en notas de prensa, a diferenza das outras universidades do SUG, nas que se di que non se paga en prazo aos provedores, poñendoas ao mesmo nivel que os “chiringitos” da Xunta. Nesta Universidade se paga aos provedores e as nóminas, e iso é boa xestión, xestión responsable da Universidade, cumprindo as leis, subliña.

En relación a que se insulta aos compañeiros, indica que non é así, dende a Xerencia non se insulta a ninguén, respectase o traballo de todos. E se respecta o dereito a promocionar de C2 a C1, e tamén o dereito a promocionar a A2, porque tamén esa promoción reviste interese para a estrutura da Universidade. Esta é a proposta que fai o Equipo de Goberno, insiste, e que vén recollida na memoria xustificativa da RPT.

Pasa a dar resposta a un comentario do Sr. Federico Fernández, indicando que non dixo que se chegaran a acordos, senón que se falou e que nalgúnhas cuestións, como na determinación das prazas nas que se emprega a taxa de reposición, se concordou. E, como se falou na primeira das reunións e se recolle na acta, que están para que todos poidan consultalas e tirar as súas conclusións, a proposta que presentou Xerencia era unha proposta, un borrador, un punto de partida para a negociación, e se explicou a súa razón. Se non se considera acaída, debería ter presentado unha contraproposta. Pero nunca se presentou ningunha, nas 6 prazas que podíamos ter pola taxa reposición, non se presentou ningunha observación.

Amosa a acta desa xuntanza, na que se observa que o xerente explica que deberíamos negociar, porque hai que publicar no DOG antes de que remate o ano, e se solicitaba axilidade na negociación, polos propios compañeiros. Despois de 5 anos sen posibilidade de sacar ningunha praza, agora que hai posibilidade e se fai unha oferta, parece que é algo negativo. Non se entende, engade, xa que se fai unha oferta de sacar prazas, de consolidar postos de traballo e de promocionar despois de moitos anos en que isto non puido ser.

En resposta ao solicitado por D. Luis Pérez, explica que a autorización se solicita o día 10, porque se agardamos máis e o Consello de Goberno é o día 24, pode non ser tempo suficiente para lograr o informe da Xunta, que non o emiten sempre coa rapidez que se desexa. Pero iso non impide a negociación. Lembra que non se presentaron propostas por parte do C.E.PO ata o día 4 de novembro, a pesar da solicitude de axilidade feita pola Xerencia o 19 de outubro. E engade, que non se limita a negociación, porque o que se debatía eran que prazas das da taxa de reposición ían en promoción interna. Ter a autorización da Xunta non impide ese debate. Ademais, se esas prazas non se cobren, se poden acumular á quenda libre para que non se perda esa oportunidade.

Non comprende a que se refire ao empregar o termo de impostura e, por suposto, que se lles chama para negociar; sempre se vai chamar aos órganos de representación para falar, para tentar de concordar, para explicar o que se fai, para pedir contrapropostas. E, engade, se seguirá a facer. Se os órganos de representación non queren negociar, se respecta.

En canto á diferenza entre a autorización solicitada e a concedida, reitera que cre que é un erro da Consellaría, pero que a día de hoxe é a autorización que temos.

Explica tamén que nas reunións que se tivo coas persoas que poden optar de C2 a C1 se lles deron os datos e se lles explicou os pasos que se daba, pero non se negociou. A negociación se leva a cabo cos representantes, recalca, pero si se tentou recoller as distintas sensibilidades.

Intervén brevemente o Sr. Luis Pérez para sinalar que a primeira liña que aparece no escrito da Xerencia de prioridades para a execución da RPT é chegar a un acordo. Indica que se esa é a prioridade, segue un camiño imposible, porque el dixo claramente que non quere negociar só a execución. Di que quere negociar os *flecós* da RPT, e se entende con claridade.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen retoma as derradeiras palabras da intervención de Xan Cebro, quen afirmou que apoiaría a proposta se non figurasen as cautelas que aparecen nas últimas liñas do escrito.

O vicerreitor explica que, formalmente, as cautelas deben aparecer, porque non se pode saber o que vai suceder a nivel normativo no próximo exercicio económico, nin o que vai facer o Ministerio de Facenda ou a Consellería de Facenda, pero si podemos insistir en que imos traballar a todos os niveis e por todos os medios para conseguir que no 2017 se complete a aceptación por parte da Xunta de Galicia desas prazas da promoción de C2 a C1 que faltan, e, polo tanto, que se poida facer a promoción íntegra como reivindicán os traballadores. Este compromiso é razoable, calquera outra opción suporía un risco de que se poida comunicar a oferta de emprego público no ano 2016, co que perderíamos un ano máis. Polo tanto, reitera que se o problema é de certeza do que vai pasar no 2017, ninguén pode escribir outra cousa, pero si podemos ter a confianza en que é factible lograr esa promoción completa.

Con respecto ao dito polo Sr. Luis Pérez, manifesta que lle parece positivo intentar buscar outras combinacións para negociar a execución da RPT e estamos abertos a concretar calquera desas vías.

Aclara Luis Pérez ao que se refire co termo de impostura, di que é un engano con aparencia de verdade. E dura a palabra, pero o di para que non se empregue outra acepción. E a emprega porque se sente nunha aparencia de verdade, pero enganado.

O reitor sintetiza a situación. Considera que están expostas as ideas de cada parte e o proceso seguido, pero o que lle interesa é resolver os problemas. Hai que aprobar a oferta de emprego público agora, para que non perdamos esta oportunidade e se perdan eses postos, porque no marco normativo actual se non se utiliza, se perde, ao igual que no caso do PDI se non se aproveita a taxa de reposición, se perde. Insiste que é cuestión de responsabilidade non perder estas prazas.

Lamenta que non haxa acordo. Neste Consello de Goberno fixo unha exposición moi clara: unha vez aprobada a RPT, e xa o está, é necesario chegar a acordos na execución. Está claro, di o reitor, que non se avanza, que hai problemas claros de comunicación, polo que xa interviño cando se recibiu a reclamación. Hai que intentar actuar para solucionalo, para lograr a aprobación da OPE.

Así, formula a seguinte proposta: Primeiro, dar garantía e compromiso de que a promoción do 100% do C2 a C1 se fará no 2017 e, seguramente, antes de setembro, porque se vai empezar a traballar dende xaneiro en canto a Xunta aprobe o seu orzamento. E nese momento vai empezar a traballar na OPE 2017, e se compromete como reitor, se hai algún obstáculo en Facenda, a intervir directamente co conselleiro. Di que entende a inseguridade que poden sentir os afectados a causa da presenza das cautelas, porque esta oferta tería que ter saído hai anos. Pero quere que quede claro o seu compromiso, salvo paralización total. Pero, coas normas actuais e polas conversas que temos coa Consellería de Facenda, temos asegurada a metade das prazas de promoción, e sacaremos o resto das prazas para rematar o 100% da promoción o ano que vén. Somos prudentes, pero temos ese compromiso.

Segundo: Está claro que hai que mellorar a comunicación, afirma o reitor. Luis Pérez pediu que se adie a aprobación, pero non hai tempo. Pero tamén solicitaba negociar, e está disposto a cambiar a mecánica de diálogo. E, se para iniciar ese cambio queren sentarse a falar, eu estou disposto a facilitar esa comunicación, continúa o reitor, pero entendo que iso quere dicir que si hai vontade real de chegar a posturas comúns, de lograr un acordo.

Terceiro: Pero se agora o desacordo se centra nestas 6 prazas, sobre as que non se negociou polos motivos que expuxeron, di o reitor que non deben ser estas 6 prazas un obstáculo insalvable para o resto da execución. Reitera o que xa expuxo na aprobación da RPT: dentro dos límites que impón o marco regulamentario, pódese traballar para superar detalles puntuais actuando por riba da RPT, cando sexa preciso.

Xa que non se pode adiar a aprobación da OPE, que estes aspectos non impida a negociación: o compromiso supón a promoción completa de C2 a C1 no 2017, e negociar por riba da RPT para cubrir necesidades. Insiste en que estas seis prazas deben ofertarse, aínda que non sexan as que os representantes dos traballadores queren, son as que estima a Institución máis necesarias nesta primeira rolda. Pero garantamos que imos traballar xa dende o primeiro momento na oferta de emprego público do 2017. Insiste o reitor en que se poderán analizar todos os aspectos, asignación de prazas, concursos de traslados etc. E, continúa, cando menos deberíase deseñar unha metodoloxía de negociación distinta, que leve ao achegamento de posturas e reitera que non ten inconveniente en intervir no proceso.

Intervén o Sr. Luis Pérez para aceptar o guante e, polo que representa como presidente do Comité de Empresa do PAS-L de Ourense, comprométese a realizar todo o esforzo para que se poida avanzar. Poderá lograrse un acordo ou non, pero quedará claro que non será por falta de vontade. Con respecto á oferta de emprego e o punto da orde do día, di que cando se reuniu coa Xerencia o venres 18, el non sabía que este punto ía ao Consello de Goberno do 24, só que tiña que entregarse antes de final de ano.

Reitera a súa disposición a sentarse a negociar, pero quere deixar claro que non se opón á saída destas prazas, porque por falta de tempo non se poden perder, pero debe absterse na votación polos motivos que expuxo anteriormente.

Intervén o Sr. Cebro Rodríguez. Diríxese ao xerente preguntando pola acta da xuntanza entre Xerencia e Xunta de Persoal, na que se informa da denegación da Xunta. Pide que se lea, e indica que en distintos puntos da acta se recolle que o presidente solicita a priorización da promoción interna do grupo C2 a C1 e que só se mande a Xunta o cen por cen destas prazas de C2 a C1. Pregunta se o fixo, e de ser así, que amose a petición. Afirmo que non existe, polo que non pode estar pendurado da páxina web. Continúa dicindo que acaba de mandar 8 prazas cun custo de 30566 euros, que é o mesmo que o 100% de C2 a C1, porque non priorizou.

Dille ao reitor que a Xunta de Persoal non se pode fiar deste proceso. Comenta as reunións mantidas pola Xerencia cos afectados pola promoción de C2 a C1. Di que chama dende a secretaria para indicar que se están a facer xestións, e que o luns os convoca para o venres. Pero cando o martes leu en comunidade que se convocara aos compañeiros un día antes que á Xunta de Persoal para comunicarlles a proposta, se produciu o lóxico cabreo. Iso non se fai, repite. Insiste novamente en que non se entende que a USC e a UdC saquen semellante OPE, e que tamén a sacaron os anos anteriores. En relación cos datos aparecidos nun periódico que o xerente lle presentara nunha xuntanza, di que amosoulle os datos das tres universidades galegas dende o 2012, e se ben reconece que en Vigo houbo un incremento de PAS, pero non en PAS funcionario, houbo unha diminución, só aumentaron en laboral. Finaliza dicindo que foron convocados para o día 2 para a reunión, e repite que a Xunta Pas non vai entrar na execución da RPT. Xa presentaron o recurso nos xulgados e por responsabilidade solicitaron unha suspensión. Engade que non se fian.

O reitor lembra ao Sr. Cebro que anteriormente dixo que no caso de que houbera garantías claras de que se completaría a promoción ao cen por cen no 2017, o aceptaría, que pediría o voto a favor.

O Sr. Cebro aclara que dixo que quería que se lle deran as garantías por escrito, e o reitor responde que si, que se lle dan por escrito. Engade que queda rexistrado o compromiso de garantía na acta do Consello de Goberno e, se o precisa, por escrito.

O Sr. Cebro manifesta a súa abstención e pide que o reitor persoalmente lle garanta que vai ir ao cen por cen a promoción no ano 2017. O reitor manifesta a súa vontade e se compromete a lograr o cen por cen da promoción no 2017 o antes posible. E engade que xa puxo o seu empeño unha vez se lle notificou, a través dun comunicado dese colectivo, cal era a problemática e, por iso, chegouse a esta oferta.

O Sr. Cebro di que se abstén na votación deste punto. E solicita que se empece a negociación canto antes, a principio de 2007.

Intervén o Sr. Federico Fernández para realizar unhas reflexións. Nunha primeira reunión, o Comité de Empresa manifestou que non quería negociar unha oferta de emprego público nas que apareceran prazas que se acababan de aprobar na RPT, porque estaban en proceso de chegar a un recurso xudicial, polo que,

por coherencia, non se podía recorrer e negociar a súa execución ao mesmo tempo. Ao respecto da segunda reunión, di que había unha serie de detalles que presentaban dúbidas e que querían ter claras antes de facer unha oferta de negociación ou non. E as dúbidas eran que no documento poñía, e no de hoxe tamén, aclara, que durante o 2016 producíronse un total de 6 baixas e debería dicir 2015. Segundo manifestou o xerente, foi un erro, pero segue a poñer o mesmo.

A raíz destas cousas, explica o Sr Fernández, dixeron que a raíz das respostas que se deran o día dous, estarían en disposición de facer unha proposta o día 4. Por iso se fixo unha proposta que dicía que entendían que non había ningún impedimento para que se realizar a promoción interna de todas as prazas, se fixera así, que de todas as vacantes houbera promoción interna, xa que estaban orzamentadas e non supoñían ningún gasto adicional.

Finalizadas as intervencións o reitor somete a votación a oferta de emprego público do persoal de Administración e Servizos, obténdose o resultado seguinte: 20 votos a favor, 1 voto en contra e 7 abstencións. Fan constar a súa abstención: Xan Cebro, Luis Pérez, Andrea López, Paula Rivera, Diego Rodríguez, Ernesto Vázquez-Rey.

Punto 8. Aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Belas Artes.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen refire que o artigo 39 dos Estatutos da Universidade de Vigo sinala que é competencia do Consello de Goberno a aprobación de todas as normativas que non competan ao Claustro, entre as que están os regulamentos de réxime internos dos centros e departamentos. Do mesmo xeito, os Estatutos recollen no seu artigo 43 que é función da Xunta de Centro a elaboración, aprobación e modificación da proposta do seu regulamento de réxime interno.

Atendendo a ambos puntos, preséntase o Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Belas Artes, que foi aprobado inicialmente na sesión de Xunta de Facultade o 19 de outubro, e tras recibir o informe da Asesoría Xurídica foi modificado para adaptarse a dito informe, e aprobado novamente o 7 de novembro de 2016.

Na versión que se presenta, cumpre con todos os requirimentos que impón a nosa normativa, polo que se propón a súa aprobación.

Intervén o Sr. Ernesto Vázquez-Rey que indica que no artigo 8.h do Regulamento se mencionan “proxectos de fin de carreira e teses de licenciatura” o que debe ser un erro, xa que son titulacións de grao.

Responde a secretaria xeral que nos se detectaran eses erros, pero que serán corrixidos, ao igual que as correccións de galego ou de erros tipográficos.

Apróbase por asentimento (**Anexo VI**).

Punto 9. Aprobación, se procede, do Regulamento de Réxime Interno do Dpto. de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio.

O reitor cede novamente a palabra á secretaria xeral, quen reitera que, como se indicara no punto anterior, compete ao Consello de Goberno aprobar os regulamentos de réxime internos dos departamentos que, segundo o artigo 46 dos Estatutos da Universidade de Vigo, deben ser elaborados e aprobados polo Consello de Departamento.

O Dpto. de Xeociencias Mariñas e Ordenación do Territorio aprobou na sesión do 26 de abril o seu Regulamento de Réxime Interno, e na sesión do 11 de outubro de 2016, a modificación realizada para adaptalo ao indicado no informe da Asesoría Xurídica.

Posto que a proposta de Regulamento de Réxime interno cumpre todos os requirimentos da nosa normativa, proponse a súa aprobación

Apróbase por asentimento (**Anexo VII**).

Punto 10. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a Universidade de Ciencia e Tecnoloxía de Chongqing (China) – Acordo entre a *University of Cincinnati* e a Universidade de Vigo para regular a estancia de investigación do investigador visitante Álvaro Puga na Universidade de Vigo.

Apróbanse por asentimento.

Punto 11. Elección de representantes na Comisión de Extensión Universitaria e Estudantes: 2 PDI; 2 Estudante

O reitor dá lectura ás candidaturas presentadas:

Polo sector Estudantes, presentouse dona Andrea López Rodríguez

Polo sector PDI, presenta a súa candidatura don Martín Llamas Nistal

Habéndose presentado un número inferior de candidaturas ao de postos convocados, non é preciso celebrar eleccións. E son nomeadas representantes as persoas indicadas, quedando as vacantes pendentes para o próximo Consello de Goberno.

Punto 12. Elección de representantes na Comisión de Investigación: 1 Estudante.

Indica o reitor que, posto que non se presentaron candidaturas, non é preciso celebrar eleccións.

Punto 13. Rogos e preguntas.

Abre o reitor unha rolda, na que solicitan intervir o Sr. Ernesto Vázquez-Rey e o profesor Álvarez Villamarín.

O Sr. Ernesto Vázquez-Rey realiza un pedimento particular: que a Universidade de Vigo se sume á solicitude formulada polos estudantes de que exista representación deste sector en todos os órganos nos que se tomen decisións relacionadas con este colectivo.

Máis concretamente, solicita que o Equipo Reitoral apoie a inclusión de representantes do estudiantado no Consello Galego de Universidades, a través da oportuna modificación do artigo 58.1 da Lei 6/2013, do 13 de xuño, do Sistema Galego de Universidades. Para o cal, dá lectura a unha proposta de declaración institucional para que o Equipo de Goberno a asuma, e a traslade ao propio Consello de Goberno para aprobar o apoio á súa reivindicación.

Traslada que o mesmo texto será presentado diante das outras universidades do SUG, para que sexa apoiado polos tres Consellos de Goberno.

Responde o reitor que debe remitirnos o texto da declaración, para que se valore e se consensúe coas outras universidades para que se traia a un próximo Consello de Goberno para a súa consideración.

Intervén a continuación o profesor Álvarez Villamarín, quen agradece a información ofrecida polo vicerreitor en relación co pago do IBI, pero desexa facer dúas preguntas. En primeiro lugar, pregunta pola contía do que hai que abonar, xa que non se deu ese dato e, en segundo lugar, se hai algunha sentenza xudicial en relación co litixio entre concellos e universidades.

O reitor responde que hai sentenzas en contra das universidades por defectos de forma.

Noutra orde de cousas, pregunta o profesor Álvarez Villamarín pola noticia aparecida en relación co plaxio detectado nos traballos dun reitor membro da CRUE. Pregunta se hai aberto algún expediente ou se vai ser expulsado da CRUE.

Responde o reitor que, en efecto, detectáronse tres plaxios encadeados desta persoa, pero que foron coñecidos con posterioridade da última reunión da CRUE, polo que aínda non houbo oportunidade de tratalo. Engade que tampouco sabe como o vai enfrontar o presidente.

Con respecto da cuestión do IBI, explica o vicerreitor que hai sentenzas nos dous sentidos. E moi recentemente se produciu a resposta do Ministerio, a través dunha consulta vinculante da Dirección Xeral de Tributos, a unha pregunta oficial formulada pola *Universidad de la Laguna*, na que queda moi claro que o artigo 80.1 da LOU segue vixente e que é de total aplicación. Tamén confirma que hai sentenzas, como indicou o reitor, nas que por cuestións de forma fundamentalmente, se acaba fallando a favor dos concellos e en contra das Universidades.

En relación co importe, responde que o que nos está xirando o Concello, que son recibos que están suspendidos cautelarmente polo propio Tribunal económico administrativo do Concello e que, polo tanto, non se poden pagar a día de hoxe, supoñen un importe aproximado de 500.000 euros anuais, aínda que estamos convencidos de que tería que ser unha cantidade menor cando se perfilen mellor os recibos. Xa que, aclara, os recibos están mal confeccionados. Subliña que, en relación con este tema, hai un debate proceloso que haberá que abordar se chega o momento.

Subliña o reitor que si finalmente ten que aboar eses cartos, teríamos que esforzarnos para obter eses ingresos para poder pagar, cando o resto das universidades están exentas de facelo.

Engade o vicerreitor que, en canto ás débedas anteriores, están provisionadas, polo que a saúde económica da Universidade non se vería afectada se finalmente hai que facer fronte a este pago.

Destaca o reitor en que, ao marxe de poder pagalo, cando un concello non ten vontade de apoiar á súa universidade neste campo, esta debe facer un esforzo de planificación, porque non vai poder manter as axudas á estudantes, as axudas á investigación etc. Por iso se fixeron diversas propostas, non só de bonificación, para solucionar este tema. Pero de momento non hai notificación oficial ao respecto, só a solicitude de máis tempo.

Abre o reitor unha segunda rolda de intervencións.

Toma a palabra o Sr. Xan Cebro, quen solicita que se elimine unha medida que se toma na Universidade e que prexudica ao alumnado en relación coas taxas. Indica que, cando ao realizar a matrícula se equivocan no sinalamento do tipo de pago que quere realizar, a Universidade lles carga cun 10% pola subsanación. Di que deben considerarse como erros e que non se dá prazo para a súa emenda. Engade que é unha resolución interna da Universidade que non se aplica noutras.

O vicerreitor de Economía e Planificación reitera que a UVigo é a única universidade que ten 6 prazos de pago, e que é imprescindible que exista un mecanismo para que ese plan de prazos se cumpra, xa que se non non se cobraría ata o último momento do derradeiro prazo. Lembra que ese plan de prazos supón un esforzo para a Universidade. E ese recargo ten como obxectivo que se respecte o plan de pagos. Subliña tamén que noutras universidades ao mínimo retraso se lles anula a matrícula.

O Sr. Cebro insiste que non se refire a ese caso, senón que nos casos nos que o sistema informático abre un prazo, e se o alumno comete un erro non ten posibilidade de emendalo. Solicita que se estude.

Responde o reitor que se considerarán os distintos casos para ver que erros se producen, e se intentará solucionalo.

Presenta tamén o Sr. Cebro o caso das reclamacións dos alumnos que se queixan de que cando non poden asistir ás prácticas de laboratorio, se lles baixa a nota, independentemente de que sexa por unha enfermidade ou por traballo.

Responde a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado que existe un procedemento de reclamación, que debe ser empregado para poñer de manifesto estes casos.

Dona Paula Rivera pregunta polas características da nova proba de acceso á universidade, xa que se di que vai ser máis longa. Considera que hai moitas incertezas e pregunta como se vai a levar a cabo, como van participar as universidades.

O reitor responde que xa informou en distintos Consellos de Goberno e, neste mesmo, de como están a traballar as universidades a nivel político para solucionar estas incertezas, e considera que moitas das dificultades impostas polo Ministerio se están a solucionar. Cede a palabra á vicerreitora de Estudantes para que amplíe esta información.

A vicerreitora informa de que, teoricamente, sairemos de dúbidas o día 30 de novembro, xa que hai un compromiso polo Decreto do 29 de xullo de que nesa data se publicarán as especificacións concretas das probas de acceso á universidade. O que si está confirmado, prosegue, é que, en efecto, serán máis longas, 90 minutos cada proba. Indica que hai unha proposta traballada polas tres universidades do SUG e a CIUG do modelo e organización da proba. Estamos á espera de concretar o número de materias das que se deberán examinar, se van ser só as troncais xerais de segundo de bacharelato ou todas as troncais, as xerais e as de opción. É dicir, se se vai seguir o modelo das PAU, cunha fase xeral e unha específica ou se van ter que examinarse de todas as materias, é dicir, as oito materias máis a lingua autonómica, no noso caso. Con respecto á duración do exame, considera que non afecta á universidade, simplemente as probas se prolongarían.

O reitor informa de que acaba de saír publicada a noticia de que o ministro asinou cos reitores o acordo de que a nova reválida será similar á selectividade. A vicerreitora engade que iso xa o comentara o venres, e que se fixara para o día 28 unha xuntanza dos conselleiros de Educación das dezasete autonomías co ministro, de xeito que o día 29 poderá saberse todo máis concretamente.

Pero, subliña, en Galicia está todo organizado: con diversas alternativas para poñer en marcha a proba, que se adecúe á LOMCE completa ou á que se asemelle ás PAU, polo que quere transmitir tranquilidade ao alumnado.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:15 h do día 24 de novembro de 2016, da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace do reitor.

O reitor



Salustiano Mato de la Iglesia

A secretaria xeral



Gloria M. Pena Uris